

CANLE DE NOTIFICACIÓN

☐ Notificación Postal

☐ Notificación telemática

1. DATOS DO SOLICITANTE

DNI-NIF/CIF/NIE	NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL	
DIRECCIÓN		
CP	MUNICIPIO	PROVINCIA
CORREO ELECTRONICO		TELÉFONO
ACTUANDO: ☐ EN REPRESENTACIÓN DE:		☐ NOME PROPIO

2. DATOS DO INTERESADO

DNI-NIF/CIF/NIE	NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL	
DIRECCIÓN		
CP	MUNICIPIO	PROVINCIA
CORREO ELECTRONICO		TELÉFONO

OUTROS AXENTES

NIF	Técnico competente que asina a documentación técnica
Nº colexiado	Colexio:
NIF	Empresario das obras:

3. DATOS DA INTERVENCIÓN

Descrición xeral:	
Localización:	Referencia catastral:
Data de inicio e finalización das obras:	Prazo de execución das obras:
Superficie (m2):	Orzamento das obras:

AFECCIÓN SECTORIAIS. (as afeccións sectoriais pódense consultar, entre outros, no visor do Plan Básico Autonómico mediante o enlace <http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>. Así mesmo, en caso de dúbida deberase realizar consulta aos servizos técnicos do Concello mediante cita previa, vía telemática ou presencial)

- ☐ Declárase, despois da súa comprobación, que as obras **NON** están afectadas por normativas sectoriais.
- ☐ Declárase, despois da súa comprobación, que as obras **SI** están afectadas por normativas sectoriais seguintes:
- ☐ Augas de Galicia ☐ Estradas ☐ Costas ☐ Patrimonio Cultural
- ☐ Medio ambiente (ZEPVN, ZEPA (Ría de Ortigueira e Ladrado) ou ZEC (Ortigueira-Mera e Costa Ártabra), ou está afectada polo humedal protexido da Ría de Ortigueira e Ladrado)
- ☐ Calquera outra afección sectorial (portos, paisaxe, POL, Minas...)

DESCRIPCIÓN DO PECHÉ

1. Motivación ou finalidade de execución

- ☐ Peché de soar sen edificación en solo urbano ☐ Peché de predio sen uso (núcleo rural ou rústico)
- ☐ Peché de predio adicado a actividade agraria ☐ Peché de predio adicado a actividade gandeira
- ☐ Peché de parcela onde se emprace unha vivenda existente ☐ Peché de predio provisional en solo urbano
- ☐ Indicar calquera outra finalidade:

2. Tipoloxía de peche

- ☐ Peché vexetal
- ☐ Peches opacos ou cegos:
- ☐ Peché petreo ☐ Peché de fábrica ☐ Peché de formigón
- ☐ Peches non opacos ou permeables
- ☐ Estacas e fíos de arames ☐ Postes e malla metálica ☐ Postes ou táboas de madeira
- ☐ Peches mixtos
- ☐ Outros. Indicar a tipoloxía:

3. Descrición dos acabados.

Descrición do material de acabado (tipo e colocación de pedra, revestido, cores):

4. Dimensión (obrigatorio achegar plano de situación acoutado)

Altura total do peche:

Alturas parciais en
peches mixtos

Parte cega:

Lonxitude do peche:

Parte permeable:

5. Tipo de cimentación

- ☐ Zapata corrida para muro ☐ Zapata a pé de posto ☐ Chantado directamente no terreo

6. Localización

- ☐ Peché con fronte á vía pública, respéctano como límite extremo a aliñación oficial
- ☐ Peché situados entre lindeiros (sen fronte á vía pública)

7. Tipo de cancela

- | | | | |
|--|-------------------------------------|--|---|
| ☐ Apertura abatible | ☐ Motorizado | ☐ Acceso rodado | ☐ De unha folla |
| ☐ Apertura corre道ira | ☐ Manual | ☐ Acceso peonil | ☐ De dúas fochas |
| ☐ Outros (descripción): | | | |

Materiais e acabados:

Altura totais ou parciais:

DECLARO BAIXO A MIÑA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesto e, en todo caso:

1. Que son certos os datos e manifestacións expostos na presente comunicación e documentación que se anexa.
2. Que as obras solicitadas non están suxeitas a licenza municipal de conformidade co artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia nin co artigo 351 do seu regulamento e, ademais, non supoñen obras que exceden do exclusivo mantemento do edificio ou precisen de técnico competente.
3. Que as actuacións que se detallan nesta comunicación previa cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación neste Concello, e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.
4. Que se obtiveron tódalas autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade, así como as concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra Administración pública.
5. Que se respectaran as normas de boa construción, convivencia cidadá e respecto polo descanso dos veciños.
6. Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
7. Que na execución da obra respectaranse as medidas de seguridade e saúde laboral segundo o RD 1627/97.
8. Que se achega toda documentación preceptiva, incluíndo a indicada no anexo informativo.
9. Que se cumprirán as condicións establecidas no anexo informativo e se achega a documentación preceptiva.
10. Que as obras e os materiais a empregar harmonizarán co conxunto da contorna.
11. Que as obras executaranse mediante o emprego de métodos tradicionais e sinxelos que non precisarán da intervención de técnicos titulados.
12. Que o peche sitúase como límite extremo na aliñación oficial.
13. Que non se executarán nin alterarán os accesos á parcela, nin se ocupará ou realizará calquera actividade na zona do dominio público, o cal precisaría da correspondente autorización do titular da vía.
14. Que as obras solicitadas non requiriran grandes movementos de terra nin afectarán ao espazo público, beirarrúas, pavimentos, mobiliario urbano ou canalizacións das redes de infraestruturas existentes, asumindo o promotor os danos que poida causar sobre os mesmos.

Cariño a, _____ de _____ de 20____

Sinatura da persoa comunicante

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial e poden ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Cariño. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición coa comunicación por escrito ao Rexistro do Concello de Cariño.

Don/a _____ **DECLARA BAIXO A**
SÚA RESPONSABILIDADE que que achega a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ Documentación xeral, ao marxe do tipo de intervención
- ☐ Plano de deslinde acoutado as distancias do peche respecto da aliñación oficial e demais lindes
- ☐ Plano de situación referido á cartografía do planeamento municipal ou do catastro.
- ☐ Presuposto detallado da obra ou actuación a realizar
- ☐ Reportaxe fotográfico da zona onde se pretenda emprazar o novo peche, así como dos peches do entorno inmediato (colindantes e enfrontados) subscrita polo solicitante
- ☐ Memoria descritiva do peche, de ser o caso.

DOCUMENTACIÓN XERAL AO MARXE DA INTERVENCIÓN

1. Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para efectos de notificacións.
2. Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
3. Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non terse emitidos os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
4. Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos, incluído o pagamento do ICIO.
5. Data de inicio e finalización das obras.
6. Presuposto detallado da intervención a executar
7. Reportaxe fotográfica da edificación ou parcela e dos elementos afectados na intervención
8. No caso de intervencións en edificios, construcións e instalacións en fóra de ordenación, conforme ao establecido na Lei do solo de Galicia, renuncia do propietario do inmovible ao incremento do valor en caso de expropiación.

I. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS PARA ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

1. Empregaranse, como referencia, as guías da colección Paisaxe Galega, e en particular a Guía de boas prácticas para a intervención non núcleos rurais, a Guía de cores e materiais e, en especial, teranse en conta os criterios da Guía de caracterización e integración paisaxística de valados.
2. Os muros realizaranse con materiais acordes co ambiente no que se insiren, debendo manterse, en todo momento, en condicións óptimas de conservación e ornato, incluíndo o tratamento de revoco, recebo ou pintura.
3. Non se permite o emprego de bloques de formigón ou materiais de fábrica non elaborados como elementos de acabado, agás que sexan debidamente revestidos e pintados.
4. En ningún caso se permitirá o remate de cerramentos con elementos que poidan causar lesións a persoas ou animais.
5. No caso dos peches vexetais evitárase o uso de especies invasoras ou daquelas non tradicionais. Así mesmo, estarase ao disposto na ordenanza das plantacións e cortas de especies vexetais do Concello de Cariño.
6. Os peches deberán situarse como límite extremo na aliñación oficial.
7. Os peches, no caso de non existir aliñación oficial, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte.
8. En calquera caso, deberán adaptarse ao establecido na normativa sectorial vixente, nomeadamente ao establecido en materia de augas.
9. De existir construcións que presenten na súa envolvente materiais de acabados non pensados para ser vistos, deberánse executar as medidas de conservación necesarias para recuperar as condicións estéticas legalmente exixibles.
10. Cando sexa necesario intervir sobre muros ou valados tradicionais, o criterio xeral será o do mantemento, reconstruíndo as partes danadas co material e técnicas orixinais. Se fora necesario engadir tramos novos, utilizaranse materiais e sistemas construtivos similares aos xa existentes.

I. CONDICIÓNS ESPECÍFICAS PARA ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE

No caso particular de solo de **núcleo rural ou rústico**:

1. As seguintes condicións serán de aplicación para as actuacións en solo rústico e núcleos rurais, agás que se achegue unha xustificación da integración paisaxística asinada por técnico competente. Dita xustificación deberá incluír, como mínimo: A motivación da necesidade, os criterios de integración paisaxística empregados, un catálogo e descrición dos materiais utilizados, un bosquejo acoutado de planta xeral, alzado e sección e unha análise do entorno que permita identificar as características morfolóxicas do terreo e do medio e construción circundantes (tipoloxía, volumetría, dimensións e proporcións, materiais, texturas, cores e acabamentos, incluíndo un reportaxe fotográfico que inclúa plano de situación onde se indiquen os puntos de vista das fotografías que o integren.
2. Se existe unha tipoloxía xeral tradicional de tipos de valados na contorna procurarase o seu mantemento, tratando de empregar os mesmos materiais e coa mesma disposición, así como asimilándose nas súas dimensións e proporcións.
3. No caso de peches en predios sen uso ou destinados á actividade agropecuaria: Nas zonas nas que non existan valados para delimitar o espazo de cultivo, de xeito xeral, non se deberán realizar valados de ningún tipo. Cando nestes lugares sexa preciso delimitar unha propiedade para uso gandeiro recoméndase o uso de postes e cable pastor de escasa presenza visual ou, de non resultar idóneos polo tipo de gando, admitiranse os peches de arames ou mallas con postes minimizando o seu impacto coas seguintes medidas de integración:
 - a. Construír o peche coa menor altura posible.
 - b. Empregar postes da menor sección necesaria para o material escollido.
 - c. Minimizar o número de tendidos de arame.
 - d. Emprego de mallas coa maior dimensión dos ocos e menor sección do arame.
4. Agás no caso de empregar peches vexetais ou non opacos (permeables), limitarase a altura total do valado a un máximo de 1m para valados agrícolas ou gandeiros e 1,50m para peches edificadas, asociados á vivenda. Mais incluso nos casos asociados á vivenda, tratarase de respectar a altura tradicional sen necesidade de alcanzar os 1.50m, procurando reducir a altura da parte cega a 1m. Ademais, de forma pormenorizada establécense:
 - a. Os muros de formigón terán unha altura non superior a 1m.
 - b. Os muros de fábrica terán unha altura non superior a 1m, procurando resolverse con dúas ou tres fiadas.
 - c. A parte cega dos peches mixtos cumprirán o disposto nos epígrafes anteriores.

III. CONDICIÓNS DE CARACTER XERAL E PREVENCIÓNS

1. As obras darán cumprimento ao exposto nas autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais emitidos polos órganos afectados correspondentes.
2. As obras axustaranse á comunicación previa presentada e realizaranse conforme á documentación técnica achegada.
3. Terminadas as obras presentarase no Concello a seguinte documentación: reportaxe fotográfico das obras finalizadas e, no seu caso, certificado final de obra ou certificado de solidez asinado por técnico competente, segundo corresponda.
4. Na realización das obras deberán tomarse as medidas preventivas destinadas a non ocasionar danos na vía pública, nin nos edificios lindeiros e evitando calquera risco para as persoas. Deberase cumprir co disposto nos artigos 10, 11.1.a e 11.1. c e Anexo IV do RD 1627/1997, do 24 de Outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción; e demais normativa aplicable en materia de prevención de riscos laborais.
5. As obras executaranse nas debidas condicións de seguridade e usando métodos convencionais de construción, cumprindo a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, e o Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas. En caso de métodos non convencionais solicitarase autorización expresa.
6. Na realización das obras deberán cumprirse as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
7. As obras que impliquen riscos especiais, como os sinalados no Anexo II do RD 1627/1997, executaranse baixo a dirección ou supervisión dun técnico autorizado e precisarán da elaboración dun estudo básico de seguridade e saúde.
8. Sempre que nas obras interveñan máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, designarase un coordinador de seguridade e saúde durante a execución das obras.
9. Para a execución de calquera obra de construción deberase estar en posesión, cando menos, do documento de xestión preventiva da obra.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

O réxime e os efectos da comunicación previa de primeira ocupación serán os establecidos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas. Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos á mesma, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo (artigo 146.2 da LSG).

En ningún caso poderá entenderse lexitimada a execución da actuación amparada na comunicación previa cando sexa contraria ou desconforme coa legalidade aplicable.

De conformidade co disposto no artigo 362 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constate as circunstancias ás que se refire o punto anterior, comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano.

PAZOS DE EXECUCIÓN DA OBRA

- 1) O prazo para o inicio e remate das obras será o indicado na comunicación previa presentada, mais non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente.
- 2) Os prazos indicados prorrogáranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo.
- 3) Transcorridos os prazos máximos indicados na comunicación previa para iniciar ou rematar as obras, incluídas as súas prórrogas respectivas, sen que fosen iniciadas ou finalizadas, a persoa interesada queda inhabilitada para empezalas ou continualas, segundo corresponda.

INSTRUCCIÓNS PARA ENCHER O IMPRESO

1. Datos identificativos do solicitante:
 - a) Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b) Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
 - c) Comunidade de Propietarios: DNI (ou documento que faga as súas veces) do presidente. No caso de que a solicitude a realice o administrador da Comunidade, DNI do administrador e documento que acredite debidamente a súa representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Ademais acta do nomeamento do presidente ou acta da reunión de propietarios acordando a realización das obras.
2. Datos identificativos da parcela:
 - a) Identifique a parcela con precisión mediante a referencia catastral. Se isto non fose suficiente, debe chegar a documentación gráfica precisa que a identifique de forma inequívoca.
3. Deberanse de preencher os datos das follas 1-4 e achegarse a documentación xeral e específica.

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento	Concello de Cariño
Finalidade do tratamento	A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma Lexitimación para o tratamento Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1 a) do RXPd) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1 e) do RXPd)
Destinatarios dos datos	As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude
Prazo de conservación	Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable Exercicio de dereitos
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica www.concellodecarino.gal